



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar Popular de Galicia con número de rexistro **794 (11/PNC-000047)**, sobre a exixencia da Xunta de Galicia ao Goberno do Estado do cumprimento, co cofinanciamento do 50%, da Lei de dependencia, que figura na orde do día da Comisión 5ª, prevista para o vindeiro 8 de outubro de 2020.

Emenda de modificación

Modificar o texto da parte resolutiva, que quedaría da seguinte forma:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a esixir do Goberno do Estado que cumpra co cofinanciamento do 50% da Lei de dependencia así como a pagar a contía adebedada a Galiza desde a entrada en vigor da devandita lei, para que a participación da Xunta de Galicia e do Goberno central sexa equitativa.”

Emenda de adición

Engadir un segundo parágrafo co seguinte texto:

“Así mesmo, o Parlamento insta a Xunta de Galiza a adoptar as medidas necesarias para reducir a listaxe de agarda e o tempo de tramitación dos expedientes





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

relativos á Lei de dependencia até cumprir cos prazos máximos establecidos na lexislación vixente.”

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2020

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 07/10/2020 12:04:00



Á Mesa da Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre a presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia, no actual período de sesións, do plan de saúde mental anunciado polo presidente da Xunta de Galicia no debate de investidura (11/PNC-000253, doc. núm. 2449).

Emenda de adición

Débese engadir un novo parágrafo na parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

“Aproveitar o decreto lei aprobado polo Goberno de España que habilita á Comunidade Autónoma de Galicia a contratar, de inmediato, profesionais antes de culminar a súa formación de especialidade, para reforzar os servizos de saúde mental do sistema público.”

Pazo do Parlamento, 7 de outubro de 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 07/10/2020 17:55:37

Gonzalo Caballero Míguez na data 07/10/2020 17:55:44

